

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 3 de outubro de 2024, do Departamento Territorial de Pontevedra, pola que declara a emerxencia cinexética temporal polos danos ocasionados polo xabaril nas comarcas de Caldas, O Condado, Pontevedra, Deza, Tabeirós-Terra de Montes e Vigo.

As afeccións ocasionadas polas poboacións de xabaril veñen experimentando nos últimos anos un incremento no conxunto do territorio de Galicia, que obedece en gran medida aos cambios de uso no medio natural e ás características ecolóxicas da especie.

Tense constatado que a especie provoca múltiples danos na agricultura e accidentes de tráfico, e é un problema adicional a presenza cada vez máis habitual de xabarís nas zonas periurbanas.

Así mesmo, unha elevada poboación de xabarís favorecería o risco de dispersión de certas enfermidades, como a peste porcina africana, e dificultaría a súa erradicación nun momento dado, de ser necesaria.

Tanto a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade como a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, establecen as excepcións relativas ás prohibicións establecidas nesta normativa para garantir a conservación de especies autóctonas silvestres, considerando que a Comunidade Autónoma poderá autorizar a captura e/ou morte de especies silvestres en caso de efectos prexudiciais para a saúde e seguridade das persoas e para previr prexuizos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á pesca e á calidade das augas, e para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais, entre outros supostos, de non existir outra solución satisfactoria e sen que isto supoña causar un prexuízo ao mantemento nun estado de conservación favorable das especies ou das poboacións de que se trate, na súa área de distribución natural.

Por outra banda, o artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, establece que poderán quedar sen efecto as prohibicións previstas no seu capítulo III, Protección das pezas de caza e autorizacións especiais, despois da autorización da dirección xeral competente en materia de caza, cando da súa aplicación deriven efectos prexudiciais para a saúde, a seguridade das persoas e as especie protexidas, así como para previr



prexuízos importantes aos cultivos, ao gando, aos bosques, á propia caza, á pesca ou a calidade das augas, e para protexer a flora e a fauna silvestres e os hábitats naturais.

Nesta liña, a Resolución do 27 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se determinan as épocas hábiles de caza, as medidas de control por danos e os réximes especiais por especies durante a tempada 2024/2025, establece no seu artigo 13, relativo ao control de danos, que co fin de reducir os danos que se poidan producir na agricultura, na gandaría, na silvicultura, na circulación viaria e na flora e fauna silvestres, as persoas titulares dos departamentos territoriais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático poderán acordar medidas de control.

No marco desta problemática, téñense adoptado determinadas medidas de control danos, co fin de minorar na medida do posible os efectos desta especie sobre os ecosistemas, as producións agrarias e o propio medio urbano.

Non obstante, a disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia, prevé que, cando nunha comarca exista unha determinada especie cinexética en circunstancias tales que resulte especialmente perigosa para as persoas ou prexudicial para a agricultura, a gandaría, os montes ou a propia caza, a xefatura territorial competente en materia de caza, de oficio ou por instancia de parte, e logo das consultas e comprobacións que considere oportunas, poderá declarar a dita comarca de emerxencia cinexética temporal, e determinar as épocas e medidas conducentes a eliminar o risco e reducir o tamaño das poboacións da especie en cuestión.

Nos concellos pertencentes ás comarcas relacionadas no anexo I desta resolución ten-se detectado o incremento nos últimos exercicios e de xeito exponencial das afeccións ocasionadas por esta especie, principalmente aos cultivos, algúns casos concorre, así mesmo, un aumento na accidentalidade do tráfico.

A situación actual nestas comarcas é, pois, indicativa da existencia dunhas circunstancias especiais, polo que se considera prioritario adoptar medidas que permitan axilizar os mecanismos instaurados para o control desta especie cinexética, conducentes a reducir as súas densidades e poboacións.

As actuacións que se van desenvolver nas áreas de emerxencia cinexética temporal dirixiranse ao control das poboacións de xabarís que se atopan en liberdade no medio natural, que constitúen un risco real para o ecosistema, a gandaría, a agricultura e as per-



soas, ademais de reducir o perigo de accidentes de tráfico e os posibles riscos sanitarios, e deberá establecerse a natureza e a duración das medidas conducentes a reducir o número de exemplares considerados prexudiciais e os controis que se deben exercer.

Por conseguinte, dadas as especiais circunstancias que as poboacións de xabarís están a ocasionar, considérase necesaria a adopción de medidas especiais de control conducentes a reducir as súas densidades e poboacións nos concellos das comarcas indicadas no anexo I desta resolución.

Tendo en conta o establecido na disposición adicional primeira do Decreto 284/2001, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar a emerxencia cinexética temporal nas comarcas sinaladas no anexo I desta resolución, en que se inclúen os tecores e zonas libres indicados no anexo II, debido ás circunstancias especiais derivadas dos danos á agricultura, ao perigo de accidentes de tráfico e previsibles riscos ambientais ocasionados polo xabaril, coa finalidade de axilizar a aplicación de medidas conducentes ao control das poboacións desta especie, a través de distintas modalidades e procedementos de captura.

Segundo. A vixencia desta declaración de emerxencia cinexética temporal estenderase desde a entrada en vigor da presente Resolución ata o 23.2.2025, e abranguerá o período hábil de caza establecido para o xabaril no artigo 16.2 da Resolución do 27 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Terceiro. Durante a vixencia da declaración de emerxencia cinexética temporal, nas comarcas incluídas no anexo I poderanse adoptar as medidas que se relacionan a continuación para o control da poboación de xabaril, permitíndose abater ou capturar, sen límite de exemplares, xabarís de ambos os sexos, prioritariamente femias adultas e subadultas en todas as súas idades. Nestas zonas permitirase, así mesmo, abater crías e femias seguidas de crías, logo de autorización especial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 13/2013, do 23 de decembro.

a) En terreos cinexéticos:

As modalidades de caza permitidas para esta especie poderán practicarse durante todos os días da semana, salvo o especificado a continuación para as zonas libres de caza,



con comunicación previa ao Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, atendendo aos seguintes condicionantes:

- Nos terreos en réxime cinexético especial: as cazarías correspondentes a xornadas que non estean aprobadas no correspondente Plan anual de aproveitamento da tempada 2024/2025, deberán ser comunicadas previamente ao correspondente departamento territorial competente en materia de caza (procedemento MT720C).

- Nas zonas libres de caza as cazarías estarán suxeitas a autorización: deberán solicitarse ao correspondente departamento territorial competente en materia de caza cunha antelación mínima de dez días naturais (procedementos MT720K e MT720L). No período que abrangue ata o 5 de xaneiro de 2025, poderanse autorizar cazarías ao xabril os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos. Desde o 7 de xaneiro ao 23 de febreiro de 2025, ambos incluídos, poderanse autorizar cazarías os luns, martes, mércores e venres, sempre que non sexan festivos.

Na modalidade de agarda ou espera, poderán agruparse nunha soa comunicación varias xornadas e deberá indicarse expresamente por motivos de seguridade a localización aproximada, mediante coordenadas UTM, dos diversos postos fixos que poidan ocuparse.

Así mesmo, en terreos de réxime cinexético especial poderanse autorizar os propietarios dos terreos afectados a realizar, persoalmente ou mediante terceiros, agardas ou esperas, con autorización do titular do aproveitamento cinexético. Neste caso as persoas cazadoras deberán portar durante a acción de caza unha autorización do titular cinexético, que será nominativa, persoal e intransferible para cada xornada, e deberán cumprir, así mesmo, e en todo caso, os requisitos exixidos no artigo 58 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.

Co fin de aumentar a eficacia e optimizar o aproveitamento cinexético nesta modalidade, facilitar a identificación dos exemplares e garantir a seguridade das persoas, poderase utilizar con carácter excepcional:

- Un visor con convertedor ou amplificador electrónico de luz durante a práctica da modalidade de agarda ou espera nocturna e fontes luminosas para a iluminación dos albos.

- Dispositivos electrónicos, tales como detectores ou controladores de hora de paso ou presenza, para a posterior realización de esperas nocturnas ao xabril.



– Nos cultivos con destino á colleita en que se iniciasen os danos, poderase dispor de cebadoiros de gran ou froitos co obxecto de asegurar a eficacia no momento concreto dos controis.

Nestes terreos permitírase, así mesmo, a captura en vivo de exemplares de xabaril, mediante o emprego de capturadoiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, será necesario dispoñer dunha autorización expresa.

Na solicitude deberá indicarse expresamente a súa localización mediante a achega dun plano a escala suficiente e os datos do persoal responsable da súa execución (nome, apelidos e DNI).

b) En terreos non cinexéticos:

Nos terreos non cinexéticos, para o emprego de modalidades e procedementos de captura será necesario dispoñer dunha autorización expresa.

Permitírase a captura en vivo de exemplares de xabaril, mediante o emprego de capturadoiros, con posterior sacrificio de todos os exemplares capturados, de acordo co procedemento que estableza a Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Cando a aplicación de capturadoiros non produza os resultados desexados, poderá permitirse a práctica da modalidade de agarda ou espera diúrna e nocturna, logo de solicitude do interesado, na que se indicará a localización aproximada dos postos fixos, mediante coordenadas UTM por motivos de seguridade, adoptando as medidas ou precaucións necesarias para garantir a seguridade das persoas. Será preceptiva neste caso a acreditación da existencia dos danos mediante informe do departamento territorial.

Nesta clase de terreos, as medidas ou medios de captura permitidos deberán solicitarse ao departamento territorial, con polo menos 15 días de antelación á data de realización. O prazo para resolver e notificar será dun mes e o silencio administrativo será desestimatorio.

Cuarto. Os exemplares capturados como consecuencia da aplicación das medidas adoptadas na área de emerxencia cinexética temporal deben identificarse mediante precintos e comunicarse debidamente ao Departamento Territorial da Consellería de



Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo de 15 días naturais, segundo o seguinte procedemento:

a) En terreos de réxime cinexético especial: a comunicación das capturas realizadas en xornadas non planificadas no Plan anual de aproveitamento aprobado para a tempada 2024/2025 realizarase utilizando o procedemento MT720P, procedemento xenérico de caza, mentres que os resultados das cazarías planificadas no Plan anual de aproveitamento se comunicarán utilizando o procedemento MT720D.

b) En terreos de réxime cinexético común e terreos non cinexéticos: a comunicación das capturas poderá realizarse utilizando o procedemento MT720P, procedemento xenérico de caza, ou ben, no caso de tratarse dun suxeito non obrigado a relacionarse electronicamente coas administracións públicas, poderá presentar os resultados en papel no rexistro do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Quinto. A presente resolución permanecerá vixente ata a finalización do período hábil de caza do xabril para a tempada 2024/2025. Con todo, poderá quedar suspendida no seu conxunto ou en parte do ámbito de aplicación incluído no punto primeiro, logo de resolución, no momento en que se constate que desapareceron as causas que motivaron a súa declaración.

Sexto. Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 3 de outubro de 2024

Nicolás Lorenzo Montes
Director territorial de Pontevedra

ANEXO I Listaxe de comarcas de emerxencia cinexética e concellos comprendidos

Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Deza	Agolada
	Dozón
	Lalín
	Rodeiro
	Silleda
	Vila de Cruces

CVE-DOG: opn8aqt1-b443-p4n3-ori9-7kbjuc0r4i05



Comarca de emerxencia cinexética	Concellos
Tabeirós-Terra de Montes	Estrada, A
	Forcarei
O Condado	Mondariz
	Mondariz-Balneario
	Neves, As
	Ponteareas
	Salvaterra de Miño
Pontevedra	Barro
	Campo Lameiro
	Cerdedo-Cotobade
	Lama, A
	Poio
	Ponte Caldelas
	Pontevedra
	Vilaboa
Vigo	Baiona
	Fornelos de Montes
	Gondomar
	Mos
	Nigrán
	Pazos de Borbén
	Porriño, O
	Redondela
	Salceda de Caselas
	Soutomaior
	Vigo
Caldas	Caldas de Reis
	Catoira
	Cuntis
	Moraña
	Pontecesures
	Portas
	Valga



ANEXO II

Datos de tecores e zonas libres comprendidos na declaración de emerxencia cinexética

Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
PO-10118	Dozón	Especial	Deza
PO-10128	Bertaña	Especial	
PO-10129	Pena Cuntín	Especial	
PO-10077	O Farelo	Especial	
PO-10115	Río Grande	Especial	
PO-10182	Lalín	Especial	
PO-10084	Camba-Rodeiro	Especial	
PO-10120	Silleda	Especial	
PO-10122	Vila de Cruces	Especial	
PO-10175	Fontao	Especial	
PO-10042	Forcarei	Especial	Tabeirós-Terra de Montes e O Carballiño
PO-10063	Río Ulla	Especial	Tabeirós-Terra de Montes
PO-10065	Cuntis	Especial	
PO-10076	A Rocha	Especial	
PO-10082	San Huberto	Especial	
PO-10132	Coto do Castro	Especial	
PO-10029	Caselas	Especial	O Condado e Vigo
PO-10190	Traspielas-Gargamala	Especial	
PO-10016	A Fornelense	Especial	
PO-10136	Santa María de Xinzo	Especial	O Condado
PO-10179	Ribadetea-Padróns	Especial	
PO-10069	Pestica	Especial	
PO-10141	A Mondarizana	Especial	
PO-10135	A Covelense	Especial	
PO-10093	A Cañiza	Especial	
PO-10174	Coto do Santo	Especial	
PO-10047	Santa Bárbara	Especial	Pontevedra e Vigo
PO-10177	A Laxe-Berducido	Especial	



Matrícula	Nome	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
PO-10041	Ponteveila	Especial	Pontevedra
PO-10061	Marín	Especial	
PO-10147	Verdeseixo	Especial	
PO-10160	A Lama	Especial	
PO-10168	San Bartolomé de Xesta	Especial	
PO-10180	Monte Seixo	Especial	
PO-10195	O Coirego	Especial	
PO-10055	Cerdedo	Especial	
PO-10117	Refuxio Conla	Especial	
PO-10144	O Campo	Especial	
PO-10146	Pontillón do Castro	Especial	
PO-10033	Barro	Especial	
PO-10116	San Xoán de Poio	Especial	
PO-10027	A Peneda	Especial	Vigo
PO-10003	Pazos de Borbén	Especial	
PO-10161	Serra do Galiñeiro	Especial	
PO-10004	San Cipriano	Especial	
PO-10014	A Amistade	Especial	
PO-10080	Tui-Gondomar	Especial	
PO-10071	As Tres BBB	Especial	
PO-10108	Caldas	Especial	Caldas
PO-10187	Monte Xiabre	Especial	
PO-10131	San Cibrán-Xinés	Especial	
PO-10153	San Verísimo	Especial	
PO-10063	Río Ulla	Especial	
PO-10065	Cuntis	Especial	
PO-10082	San Huberto	Especial	
PO-10183	Moraña	Especial	
PO-10104	Portas	Especial	

Zonas libres de caza

Código identificador	Concellos	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
PO-22	Cerdedo-Cotobade	Común	Tabeirós-Terra de Montes
PO-23	A Estrada	Común	
PO-24	A Estrada	Común	
PO-29	Forcarei	Común	
PO-02	Ponteareas, Salvaterra de Miño e Neves, As	Común	O Condado



Código identificador	Concellos	Réxime cinexético	Comarca de emerxencia
PO-11	Vilaboa e Pontevedra	Común	Pontevedra
PO-14	Ponte Caldelas	Común	
PO-15	Vilaboa, Pontevedra, Poio, Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade	Común	
PO-16	Cerdedo-Cotobade	Común	
PO-17	Cerdedo-Cotobade	Común	
PO-18	Cerdedo-Cotobade	Común	
PO-19	Cerdedo-Cotobade	Común	
PO-20	Barro	Común	
PO-21	Cerdedo-Cotobade e Campo Lameiro	Común	Vigo
PO-10	Baiona, Gondomar, Mos Nigrán, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Vigo e Porriño, O	Común	
PO-11	Redondela e Soutomaior	Común	
PO-06	Salceda de Caselas	Común	
PO-07	Salceda de Caselas e Porriño, O	Común	
PO-25	Cuntis	Común	Caldas

